

A RUTA DO AUTOR

# DE ABADÍN Ó INFERNO

«CATRO MOZAS DE LABRADA, NO CAMPO DE SAN ANTOÑO, MONTADAS NUN CARROMATO, CAPARON UN MARAGATO»

**G**alicia é toda ela un perigosísimo illó no que a cada paso hai bocas que devoran pobos maldicidos, covas e pozos que tragan persoas, e todos, sen excepción, van dereitiños ó inferno. Porque o inferno, é ben sabido, está no centro da terra e existe coma o ceo. Así que ninguén se estremeza nin teña o credo na boca, que do inferno tamén se regresa aínda que sexa envolto en lume e laparadas.

Quero falar do Abadín asolagado, aterrado e afundido, da xente de Abadín que se foi do mundo pola boca dos pozos pegados. Do Abadín, en fin, que eu imaxino a uns pasos, pode que poucos, debaixo de nós mesmos. Levareivos, eso si, por terra firme, sen aventuras soterráneas que nos poidan levar tamén ó inferno.

Gústame entrar en Abadín polo camiño vello, que deixa Mondoñedo e sobe a Infesta, coma os peregrinos modernos. Despois bebe os aires de Cabana de Vella e, Valiña do Freire á dereita, entra en Espiñarcao. Saúdo ós encantos da Veiga de Calvelo e refréscome na fonte do Retinidoiro por se vexo a galiña dos poliños de ouro.

Ó chegar ó cruce da estrada do Valadouro, dubido. Se non hai feira en Gontán torzo á dereita, paso por diante da casa do cura Miguélez e sigo por Romariz arriba ata As Basilias de Labrada onde eu teño visto incrédulo o retrato vivo da muller da *Ofrenda a San Ramón* de Francisco Asorey. ¿Será?

Máis no monte, Montouto, e alí, lonxe das casas, despois de pasar polas Penas do Xiro e preto da fonte do Xistral, onde amence o Eume, hai unha cidade asolagada. Chámanlle a Veiga do Real. Seica foi un día de xistra e chuvia cando afundi baixo a terra e só quedan dela uns cotarelos e un pozo, o Pozo do Real, que non ten fondo e é escuro coma o inferno. Alí anda un cerruliño branco, moi guapo, que caza ovellas para tiralas no pozo de auga escura. Aquí vimos un día Ofelia Carnero e máis eu á muller pastora. Emerxeu, ou así nos pareceu, dun daqueles cotarelos e tomamos medo. É escura e branca ó mesmo tempo, e ten como sinal inequívoco de ser do inframundo, dous ou tres dentes ciscados pola boca.

Pódese regresar á chaira parando no Pilón das Pedras Brancas ou na Pena da Vela e baixar por San Simón da Costa, sempre que sexamos capaces de sortear as meigas da Ponte Ferreiros. Tamén se pode volver a Labrada e, tendo vagar, ir por carreiros encostados ata o



Gústame entrar en Abadín polo camiño vello

XURXO LOBATO



ANTONIO REIGOSA

QUERO FALAR DO ABADÍN  
ASOLAGADO, ATERRADO E  
AFUNDIDO, DA XENTE DE ABADÍN  
QUE SE FOI DO MUNDO POLA BOCA  
DOS POZOS PEAGOS.

Mondoñedo, 1958.

Premio Merlín de literatura infantil e xuvenil 1998, por «Memorias dun raposo». Premio Certame Nacional de Artes e Tradicións Populares do Ministerio de Cultura, 1987, por «O mal de ollo».

Pozo do Encanto que é outra boca do inferno. Desde aquí hai camiño montesío por riba de Fanoi e, se chove, pode un abeirarse na Cabana do Capitán, con historias de fuxidos e pantasmas. Pista abaixo está a fervenza das serpes e xa mesmo en Castromaior están a casa e as memorias malditas dos Montenegro.

Se o viaxeiro non é dos de a pé e non

quere deixar a beira da estrada debe facer parada na Xesta, no santuario de San Cosme de Galgao. Fanlle festa grande o 27 de setembro e échese aquilo de viandas e exvotos, que todo cura e todo amaña aquel santo. Antes tiña ermida nos Samordás, lugar agreste e bravo aquel, pero escapou de alí e veu vivir á beira da xente. O santo percorreu o

mesmo camiño no que alguén, eu sei quen, tropezou unha noite co demo coxo. A imaxe de San Cosme fixérona da madeira do rodicio dun muíño e din que por estar tan enchoupada non hai ano que non chova o seu día principal.

Noutro cruce con cruceiro, virando á esquerda, á dereita queda Gontán, podemos subir por Fraiás ata chegar á Corda. Este camiño andouno moitas veces o carteiro de Lagoa co seu cabalo máxico pero, unha noite de trono con lóstregos que acendían cores nas uces e nos toxos, cando xa chegaba ó cimo, caeu un raio certo que fixo puntería no pescozo do cabalo e toroullo. Coas présas, coa noite ardendo, o carteiro descabalgou presuroso do cabalo e, como puido, colleu a cabeza do cabalo do chan e, tenteando, prendeulla do pescozo. Ai, pero ó chegar á casa, cando quixo meter o besto na corte, non entraba. Acudiu ós berros a muller que, máis templada, descubriu axiña o que pasaba. Todo fora ben, a operación un éxito pero a cabeza do cabalo en vez de mirar para a terra miraba para o ceo e tropezaba no cargadoiro da porta.

Estrada adiante, desde Gontán cara á Vilalba, queda Probecende, a capital do concello. A seguir o lugar de Torre, onde hai unha igrexa románica e un castro, e, baixando ó río de Abadín, á beira de onde estaba a ponte do antigo camiño que xa ninguén anda, está a memoria asolagada de Xan do Cristo; outro condenado ó inferno.

Eran tempos moi ruíns. Un bispo de Mondoñedo ben escoltado entrou e levou á feito todo o que se lle puxo por diante. Petaba nas portas e, ó abrírenlle o poxigo, tiraba a cuberto un anel reluciente como símbolo de apropiación dos bens que houbera. Así ata Candia, ata que o Xan do Cristo lle saíu ó camiño cun fouciño e segoulle o pescozo. O Xan, sen que ninguén o forzase, correu e tirouse de cabeza no pozo do río que hoxe se lle di Pozo de Xan de Candia. Nada aboiouse, nada se viu nunca máis del e non me estraña, que nese pozo xa caeran vacas e unha serpe xigantesca que hai alí dentro fixérase cargo delas.

Se o viaxeiro quere, só é unha suxerencia para incrédulos, pode bucear o Pozo do Real, o do Encanto ou o de Xan de Candia e comprobar se teñen ou non fondo e se aló embaixo se albisca ou non inferno.

Falei do Abadín asolagado, mergullado e aterrado, do Abadín que está a un só paso do inferno, pero hai outro que cadra mesmo debaixo do ceo.